

Amigos e amigas,  
Representantes das institucións culturais, sociais e políticas,

Vimos un año máis ao Panteón de Galegos Ilustres para honrarnos a nosa Poeta, para reivindicar un ano máis un Panteón de Galegos Ilustres laico, de acceso público e cuxo uso sexa de titularidade pública.

Pode ser desolador vir aquí e ver que aqueles que son os nosos símbolos nacionais están materialmente ocultados, que os seres cuxa obra amamos e admiramos na súa máis humilde humanidade están só accesibles unha vez ao ano, con permiso eclesiástico. Mais, no fondo, é un exercicio de inmersión na realidade máis crúa e cruel que é a nosa realidade colectiva de hoxe, este hoxe que nos temos que transformar.

Rosalía, o seu corpo, no seu día foi traído aquí dende o cemiterio da Adina, nun acto de voluntaria transcendencia cultural e política para o galeguismo de entón. Eles seguían a estrela que Rosalía levaba na fronte e que Curros cantou. Chegamos a esta situación lamentable por acción ou omisión ou desidia política, e máis cedo que tarde será rescatada deste secuestro pola conciencia dos Galegos e Galegas. Un pobo que se respecte a si mesmo non pode tolerar esta situación tan ferinte.

Dende os máis diversos pensares temos falado moitas veces da nosa poeta, e falaremos de novo pois é inesgotábel o argumentario para pór en valor unha obra, unha poeta que, aínda que filla dun país sen clase dirixente, ela soa como poeta excepcional si foi capaz de ser o crisol onde a cerna de noso tomou forma e tivo alma. A poeta das desposuídas, das homildadas.

Foi capaz de construír o relato fundador de toda unha nación, de todo un pobo. Non apelando a un pasado glorioso, que o tivemos; ela apóiase nos humildes, nas desherdadas. Fai a súa obra a aquilo que permanece no ser humano que somos, na ledicia e na dor, na indignación esperanzada.

A súa poesía chanta as súas pedras basilares nos substratos máis fondos do ser dos Galegos, alí onde eles e elas están sometidas ao desgarró, á desposesión do día a día. Homes e mulleres que coa poesía popular e a tradición oral son capaces de poder facer pé en terra segura.

Ela foi capaz de ler a natureza humana das galegas e galegos, chea de mensaxes secretas. Aquelas que nos levan ao bordes máis lonxincuos de nós mesmos. Ela soubo ler o sopro interior que anima os soños desta Terra, como di don Ramón Otero Pedrayo, e engade que, este país de vibrante ou silencioso pasado, inclínase cada día, cada hora, cara a un ignorado e misterioso porvir.

Nesta hora estará a nacer nalgún recanto da Nosa Terra o home ou a idea que transformará en novo e profundo o ritmo da historia nosa. Esta muller foi e é Rosalía. A nosa poeta soubo ler as mensaxes secretas, aquelas que nós levamos nos lugares máis ocultos da humana alma colectiva. Só ela foi capaz de acceder aos territorios máis inaccesibles da mancada alma das galegas e galegos.

Nunha realidade como a nosa vencellada a procesos de asimilación cultural, a figura dunha poeta da altura estética e ética de Rosalía de Castro é determinante á hora mostrar o rostro verdadeiro da Nosa cultura, de facer parte do proceso de recuperación da dignidade colectiva, de crear unha imaxe non deturpada de nós propios como Galegos e Galegas, que ela vencellou á historia de a diario dos humildes, a un proceso de reescrita da nosa historia, a que sustentaba o seu presente, no que alentaba o corpo vivo da Galicia. Para ela vivimos nas palabras que nomean os ríos, os montes, o chover miudiño, os regos que no inverno trazan os labregos coas máis puras xeometrías da luz.

Galiza foi a razón de ser da nosa poeta que, na súa soidade creadora, foi modelada pola realidade das clases populares galegas e ela acabou por modelar o mundo para nós, porque ofrece o crisol do noso sentir, aquilo de nós que non morrerá.

*Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega.  
Bonaval, 21 de febreiro de 2016*